

POLÍTICA DE PRIVACIDADE E COOKIES

A NOSA POLÍTICA DE PRIVACIDADE DUNHA OLLADA

1. **QUEN SOMOS?** Nós somos **Zara España, S.A.** e **Industria de Diseño Textil, S.A. (Inditex, S.A.)** e **tratamos os teus datos persoais como *corresponsables do tratamento***. Isto quere dicir que nos facemos cargo conxuntamente de como usar e protexer os teus datos. [Ver máis.](#)
2. **PARA QUE USAMOS OS TEUS DATOS?** Usaremos os teus datos (obtidos online ou en persoa), entre outras finalidades, para **xestionar o teu rexistro** como usuario, **xestionar a compra** de produtos ou servizos, atender as túas consultas así como para, en caso de que o desexes, enviarche as nosas comunicacións personalizadas. [Ver máis.](#)
3. **POR QUE OS USAMOS?** Estamos lexitimados para tratar os teus datos por diferentes motivos. O principal é que necesitamos tratalos para executar o contrato que aceptas connosco ao rexistrarte e ao facer unha compra ou gozar dalgún dos nosos servizos ou funcionalidades, aínda que hai outras razóns que nos lexitiman para iso, como o interese en atender as túas consultas ou o consentimento que nos prestas para enviarche as nosas newsletters, entre outras. [Ver máis.](#)
4. **CON QUEN COMPARTIMOS OS TEUS DATOS?** Compartiremos os teus datos con provedores de servizos que nos axudan ou dan soporte, xa sexan empresas do propio Grupo Inditex ou colaboradores externos cos que chegamos a un acordo. [Ver máis.](#)
5. **OS TEUS DEREITOS.** Tes dereito a acceder, rectificar ou suprimir os teus datos persoais. Nalgúns casos, tamén tes outros dereitos, por exemplo, a opoñerte a que usemos os teus datos ou a portalos, como che explicamos en detalle máis abaixo. [Ver máis.](#)

Invitámoste a ler a nosa **política de privacidade e cookies** completa a continuación para entender en detalle o uso que faremos dos teus datos persoais e os dereitos dos que dispós en relación con estes.

ANTES DE COMEZAR...

- Nesta **política de privacidade e cookies** encontrarás **toda a información relevante** que aplica ao **uso** que facemos dos datos persoais de nosos clientes e usuarios, con independencia da canle ou medio (online ou en persoa) que utilices para interactuar connosco.
- Se desexas información sobre como utilizamos as cookies e outros dispositivos similares que poidan estar instalados nos terminais dos nosos clientes e usuarios, recomendámosche que consultes a política de privacidade.
- **Somos transparentes** sobre o que facemos cos teus datos persoais, para que entendas as implicacións dos usos que levamos a cabo ou os dereitos dos que dispós en relación cos teus datos:
 - Poñemos á túa disposición de forma **permanente toda a información** nesta política de privacidade e cookies que podes consultar cando o estimes oportuno e ademais,
 - tamén irás encontrando **información** acerca de cada tratamento dos teus datos persoais **conforme vaías interactuando connosco**.
- Algúns nomes que usaremos nesta política de privacidade e cookies:
 - Cando falamos da nosa **Plataforma**, referirémonos en xeral a calquera das canles ou medios dixitais ou en persoa que utilizases para interactuar connosco. Os principais son:
 - A nosa **Web**.
 - A nosa **App**, é dicir, tanto a aplicación móbil que che instalases no teu dispositivo coma as que poidamos utilizar na nosa Plataforma.
 - En persoa, nalgunha das nosas **Tendas Físicas**.

1. QUEN É O RESPONSABLE DO TRATAMENTO DOS TEUS DATOS?

Os responsables do tratamento dos teus datos somos:

- **ZARA ESPAÑA, S.A.**, sociedade que actualmente opera en España a venda de produtos da marca ZARA (en diante, "ZARA ESPAÑA"):
 - Enderezo postal: Avda. da Deputación, Edificio Inditex, 15143, Arteixo (A Coruña), España.
 - Correo electrónico da Delegada de Protección de Datos: dataprotection@zara.com
- **INDUSTRIA DE DISEÑO TEXTIL, S.A. (Inditex, S.A)**, sociedade española que actúa como matriz de ZARA ESPAÑA (en diante, "INDITEX"):
 - Enderezo postal: Avda. da Deputación, Edificio Inditex, 15143, Arteixo (A Coruña), España.
 - Correo electrónico da Delegada de Protección de Datos: dataprotection@zara.com

Noutras palabras, tanto ZARA ESPAÑA como INDITEX (en diante, conxuntamente "Nós" ou "os Corresponsables do Tratamento"), somos **Corresponsables** do tratamento. Isto quere dicir que regulamos e nos facemos cargo conxuntamente de tratar e protexer os teus datos persoais.

2. CON QUE FINALIDADE TRATAMOS OS TEUS DATOS PERSOAIS?

Dependendo dos produtos, servizos ou funcionalidades dos que queiras gozar en cada momento necesitaremos tratar uns datos ou outros, que en xeral serán, segundo o caso, os seguintes:

- os teus **datos identificadores** (por exemplo, o teu nome, apelido, imaxe, idioma e país dende o que interactúas connosco, datos de contacto, etc.);
- información **económica e transaccional** (por exemplo, os teus datos de pagamento ou de tarxeta, información acerca das túas compras, pedidos, devolucións, etc.);
- datos de **conexión, xeolocalización e navegación** (por exemplo, os datos de localización, o número de identificación do dispositivo ou o ID de publicidade);
- información **comercial** (por exemplo, se estás suscrito/a á nosa newsletter),
- datos sobre os teus **gustos e preferencias**.
- Poden ser precisas **categorías especiais de datos** (por exemplo, datos sanitarios en caso de que sexa necesario xestionar certos incidentes, como os relacionados cos produtos cosméticos).

Lembra que, cando che pidamos que forneas os teus datos persoais para darche acceso a algunha funcionalidade ou servizo da Plataforma, indicaremos que algúns campos son *obrigatorios*, posto que son datos que necesitamos para poder prestarche o servizo ou darche acceso á funcionalidade en cuestión. Por favor, ten en conta que se decides non nos facilitar eses datos, é posible que non poidas completar o teu rexistro como usuario ou que non poidas gozar deses servizos ou funcionalidades.

Noutros casos, podemos obter información de forma pasiva ao utilizar ferramentas de rastrexo, como as cookies dos navegadores ou outras tecnoloxías similares da nosa Plataforma ou das comunicacións que che enviamos. En determinados casos, un terceiro pode ternos facilitado información sobre ti ao usar unha funcionalidade ou servizo da Plataforma, por exemplo, se che enviaron unha tarxeta regalo ou se envían un pedido ao teu enderezo.

En tales casos, unicamente trataremos os teus datos en relación con esa funcionalidade ou servizo, de conformidade co establecido na presente política de privacidade e cookies.

Dependendo de como interactúes coa nosa Plataforma, trataremos os teus datos persoais para as seguintes finalidades:

FINALIDADE	+ info
1. Para xestionar o teu rexistro e a túa identificación como usuario da Plataforma	<p>En caso de que decidas rexistrarte como usuario na nosa Plataforma, necesitamos tratar os teus datos para identificarte como usuario desta e darche acceso ás súas diferentes funcionalidades, produtos e servizos que están á túa disposición como usuario rexistrado. Podes cancelar a túa conta de usuario rexistrado poñéndote en contacto connosco a través de Atención ao Cliente.</p> <p>Informámoste de que os datos que recompilamos sobre a túa actividade, obtidos a través das diferentes canles da Plataforma e que inclúen as túas compras, permanecerán vinculados á túa conta para que se poida acceder a toda a información dunha vez.</p> <p>Pode haber varios métodos dispoñibles para a túa identificación na Plataforma que requiran un proceso que verifique que os datos de contacto que usas che pertencen.</p>

FINALIDADE	+ info
<p>2. Para o desenvolvemento, cumprimento e execución do contrato de compravenda ou de servizos que contratases connosco na Plataforma</p>	<p>Esta finalidade inclúe o tratamento dos teus datos para, principalmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Contactar contigo en relación a actualizacións ou comunicacións informativas relacionadas coas funcionalidades, produtos ou servizos contratados, incluíndo o envío de enquisas de calidade sobre os produtos ou servizos prestados. ▪ Xestionar o pagamento dos produtos que compres, independentemente do medio de pagamento utilizado. Por exemplo: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Se ao comprar algún dos nosos produtos a través da Web ou a App, elixes activar a funcionalidade de gardar os teus datos de pagamento e o teu enderezo de envío para futuras compras (en caso de que estea dispoñible esta funcionalidade), necesitamos tratar os datos indicados para a activación e desenvolvemento da devandita funcionalidade. O consentimento para a activación desta funcionalidade permite que aparezan os teus datos de pagamento autocompletados en compras posteriores para que non teñas que volver introducilos en cada novo proceso, e entenderanse válidos e vixentes para compras posteriores. Poderás modificar ou eliminar os teus datos de pagamento en calquera momento a través do apartado correspondente á información de pagamento, ben da túa conta de usuario rexistrado na Web, ben da sección A miña conta da App. ▪ Se a funcionalidade da App para pagar as túas compras presenciais está dispoñible e decides utilizala, necesitaremos tratar os teus datos para activala e que poidas comezar a realizar as túas compras nas Tendencias Físicas habilitadas para tal efecto. ▪ Activar os mecanismos necesarios co obxecto de prever e detectar o uso indebido da Plataforma, por exemplo, durante o proceso de compra e devolución, así como potenciais fraudes contra ti ou contra Nós. Se consideramos que a operación pode ser fraudulenta ou detectamos comportamentos anormais con indicios de tratarse de usos fraudulentos das nosas funcionalidades, produtos e servizos, este tratamento pode ter consecuencias como o bloqueo da transacción ou a cancelación da túa conta de usuario. ▪ Xestionar posibles cambios ou devolucións unha vez realices unha compra e xestionar solicitudes de información sobre a dispoñibilidade de pezas, reservas de produtos a través da Plataforma, segundo as devanditas opcións se encontren dispoñibles en cada momento. ▪ Con fins de facturación e para poñer á túa disposición os tickets e facturas das compras que realizases na Plataforma. ▪ Garantirche o uso doutras funcionalidades ou servizos na medida que estean dispoñibles, como a compra, recepción, xestión e uso da tarxeta regalo ou do ticket regalo, así como para

FINALIDADE	+ info
	<p>facilitarche o acceso e uso do Wifi que poñemos a disposición dos nosos clientes en Tenda Física.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Se es usuario da App InWallet do Grupo Inditex (“InWallet”) e solicitaches vincular a conta que tes nesta Plataforma á túa conta de InWallet, autorízanos para que facilitemos a información relacionada cos teus pedidos e devolucions de compras online. A información que recompila a App InWallet está suxeita ás súas propias condicións e políticas, polo que che recomendamos que revises estas. ▪ Co fin de ofrecerche servizos personalizados (como o buscador de artigos, a reserva de probadores, etc.), dispoñibles nalgunhas Tendras Físicas, necesitamos tratar os teus datos de localización e contacto. ▪ Polo que respecta a Zara Pre-Owned (que lles permite aos usuarios comprar artigos a outros usuarios, reparar ou doar artigos), usamos os teus datos para publicar a información asociada aos teus produtos incluídos en Zara Resell, co fin de xestionar a recollida e entrega de artigos, as transaccións e a recollida das distintas opcións dispoñibles, así como para permitir as recensións que poidas facer ou recibir doutros usuarios e que permanecerán reflectidas na Plataforma. ▪ Por último, é posible que tratemos os teus datos para cumprir as obrigas legais que correspondan.
<p>3. Para atender as solicitudes ou peticións que realices a través das canles de atención ao cliente</p>	<p>Só tratamos os datos persoais que sexan estritamente necesarios para xestionar ou resolver a túa solicitude ou petición.</p> <p>Se utilizas a canle telefónica, a chamada pode ser gravada para atender a túa petición e garantir a calidade desta.</p> <p>Se está dispoñible e decides utilizar WhatsApp como canle para comunicarte con Atención ao Cliente, facilitaremos o teu número de teléfono a WhatsApp Inc. (unha sociedade situada nos EUA) para comprobar que es usuario deste servizo. Recomendámosche que revises a túa configuración de privacidade e leas a política de privacidade de WhatsApp para obter información máis detallada sobre o uso que fai WhatsApp dos datos persoais dos usuarios que utilizan os seus servizos.</p> <p>Se está dispoñible e decides comunicarte con Atención ao Cliente a través do servizo de chat dunha rede social ou outro colaborador, algúns dos teus datos, como o teu nome ou nome de usuario, importaranse dende a túa conta da rede social ou do colaborador. Así mesmo, debes ter en conta que os datos que introduzas neste servizo estarán dispoñibles para a túa rede social ou colaborador e quedarán suxeitos ás súas correspondentes políticas de privacidade. Así pois, recomendámosche que revises a túa configuración de privacidade e leas a política de privacidade da rede social ou colaborador</p>

FINALIDADE	+ info
	para obter información detallada sobre o uso que fan dos teus datos persoais ao utilizar os seus servizos.
4. Para fins de mercadotecnia	<p>Esta finalidade inclúe o tratamento dos teus datos para, principalmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Personalizar os servizos que che ofrecemos e poder facerche recomendacións en función da túa interacción connosco na Plataforma e da análise do teu perfil de usuario (por exemplo, sobre a base do teu historial de compra e navegación). ▪ Na medida que te subscribas á nosa Newsletter, trataremos os teus datos persoais para xestionar a túa subscrición, incluíndo o envío de información personalizada acerca dos nosos produtos ou servizos a través de diversos medios (como o correo electrónico ou SMS). Así mesmo, poderemos facerche chegar esta información a través de notificacións push no caso de que as activases no teu dispositivo. <ul style="list-style-type: none"> ▪ Polo tanto, ten en conta que este tratamento de datos leva consigo a análise do teu perfil de usuario ou cliente para determinar cales son as túas preferencias e polo tanto cales poden ser os produtos e servizos que máis encaixan co teu estilo á hora de enviarche información. Por exemplo, sobre a base do teu historial de compra e navegación (a saber, en función das pezas sobre as que fixeses clic), faremosche suxestións acerca de produtos que cremos que poden interesarte e, se es usuario rexistrado, facilitaremosche a funcionalidade de "recuperación de carriño". ▪ Recorda que podes darte de baixa da Newsletter en calquera momento e sen custo ningún a través da sección de "Newsletter" da Plataforma, ademais de a través das indicacións que che facilitamos en cada comunicación. Se non desexas recibir notificacións push, poderás desactivar esta opción no teu dispositivo. ▪ Mostrarte publicidade en Internet que poderás ver cando navegues en sitios web e apps, por exemplo, en redes sociais. A publicidade que vexas pode mostrarse de modo aleatorio, pero noutras ocasións trátase de publicidade que pode estar relacionada co teu historial de compra, preferencias e navegación. <ul style="list-style-type: none"> ▪ En caso de que sexas usuario de redes sociais, poderemos facilitarlles a aquelas coas que colaboremos determinada información para que poidan mostrarche anuncios da nosa marca e, en xeral, ofrecerche a ti ou a outros usuarios similares, publicidade tendo en conta o teu perfil nas devanditas redes sociais. Se queres información sobre o uso dos teus datos e o funcionamento de anuncios nestas redes sociais, recomendámosche que revises a información acerca da túa privacidade nas redes sociais nas que participas.

FINALIDADE	+ info
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Adicionalmente utilizamos os teus datos para levar a cabo análises de medición e segmentación dos anuncios que mostramos aos usuarios nalgunhas plataformas de colaboradores. Para iso colaboramos con estes terceiros que nos ofrecen a tecnoloxía necesaria (por exemplo, a través de cookies, píxeles, SDK) para utilizar estes servizos. Ten en conta que, aínda que non facilitamos datos persoais identificadores a estes colaboradores, lles comunicamos algún identificador único (por exemplo, o identificador de publicidade asociado ao dispositivo, identificador dalgunha cookie, etc.). Se queres máis información ao respecto, por favor, revisa a nosa Política de Cookies. Así mesmo, podes restablecer o teu identificador de publicidade ou desactivar a personalización dos anuncios no teu dispositivo modificando as túas preferencias na sección de axustes do teu dispositivo. ▪ Enriquecemento de datos: Cando obteñamos os teus datos persoais de diversas fontes, poderemos combinalos en determinadas circunstancias co fin de mellorar a nosa comprensión das túas necesidades e preferencias en relación cos nosos produtos e servizos (incluídas as finalidades de análise, xeración de perfís de uso, estudos de mercadotecnia, enquisas de calidade e mellora da interacción cos nosos clientes). Referímonos, por exemplo, á combinación de información que podemos facer se tes unha conta rexistrada e, co mesmo enderezo de correo electrónico ou número de teléfono que o vinculado á túa conta, realizas compras como convidado; ou a información recompilada automaticamente (como enderezos IP, MAC ou metadatos) que podemos vincular con aquela información que nos proporcionases directamente a través da túa actividade na Plataforma ou en calquera das nosas tendas (por exemplo, a información relacionada coas túas compras, xa sexa en tendas físicas ou na tenda online, as túas preferencias). ▪ Levar a cabo accións promocionais (por exemplo, para o desenvolvemento de concursos ou o envío da túa lista de artigos gardados ao correo electrónico que nos indiques). Ao participar nalgunha acción promocional, autorízanos a que tratemos os datos que nos facilites en función de cada acción promocional e os poidamos comunicar a través de diversos medios como redes sociais ou na propia Plataforma. En cada acción promocional na que participes terás dispoñibles as bases legais onde che facilitaremos información máis detallada sobre o tratamento dos teus datos. ▪ Difundir na Plataforma ou a través das nosas canles nas redes sociais fotografías ou imaxes que compartises de forma pública, sempre que nos deas o teu consentimento para iso.
<p>5. Análise de usabilidade e de calidade para a mellora dos nosos servizos</p>	<p>Se accedes á nosa Plataforma, informámoste de que trataremos os teus datos para fins analíticos e estatísticos, é dicir, para entender a forma na que os usuarios interactúan coa nosa Plataforma e coas accións que</p>

FINALIDADE	+ info
	<p>podemos levar a cabo noutros sitios web e apps e así ser capaces de introducir melloras.</p> <p>Así mesmo, en ocasións realizamos accións e enquisas de calidade destinadas a coñecer o grao de satisfacción dos nosos clientes e usuarios e detectar aquelas áreas nas que podemos mellorar.</p>

3. CAL É A LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO DOS TEUS DATOS?

A base legal que nos permite tratar os teus datos persoais tamén depende da finalidade para a que os tratemos, segundo o explicado na seguinte táboa:

Finalidade	Lexitimación
<p>1. Xestionar o teu rexistro como usuario da Plataforma e a túa identificación nela</p>	<p>O tratamento dos teus datos é necesario para a execución dos termos que regulan o uso do Sitio web e da Plataforma. Noutras palabras, para que poidas rexistrarte como usuario na Plataforma, necesitamos tratar os teus datos persoais, xa que pola contra non poderíamos xestionar o teu rexistro.</p> <p>Tamén podes ter a opción de rexistrarte nas nosas Tendas Físicas mediante a creación dun perfil que che permitirá obter certos beneficios personalizados (por exemplo, ter todos os teus tickets electrónicos nun mesmo lugar). Para esta funcionalidade, tratamos os teus datos en función do teu consentimento.</p> <p>Consideramos que temos un interese lexítimo para vincular á túa conta as túas compras e os datos que recompilamos sobre a túa actividade a través das diferentes canles da Plataforma.</p>

Finalidade	Lexitimación
<p>2. Desenvolvemento, cumprimento e execución do contrato de compravenda ou de servizos</p>	<p>O tratamento dos teus datos é necesario para a execución do contrato de compravenda ou de prestación de servizos que nos vincule contigo. Iso inclúe os datos de contacto que tratamos para fornecerche tickets electrónicos das túas compras nas Tendas Físicas e para que che resulte máis doado usalos.</p> <p>É posible que algúns tratamentos de datos asociados ao proceso de compra se activen unicamente porque ti o solicites ou nos autorizas, como é o caso do almacenamento dos datos de pagamento para futuras compras ou do tratamento de datos necesario para escanear os tickets de compra a través da sección Wallet da App ou para informarte da dispoñibilidade dos nosos produtos (en caso de que estea dispoñible esta funcionalidade). Nestes casos, a base sobre a que tratamos os teus datos é o teu propio consentimento. Ademais, tratamos os teus datos de localización cando nos das o teu consentimento, para ofrecerche servizos específicos a través da App cando visitas algunhas das nosas Tendas Físicas.</p> <p>Consideramos que temos un interese lexítimo para levar a cabo as verificacións necesarias para detectar e evitar posibles fraudes ou usos fraudulentos da Plataforma, por exemplo, cando realizas unha compra ou devolución, ou para analizar a eficacia de varios servizos incluídos na Plataforma, como a ferramenta de recomendación de talles. Entendemos que o tratamento destes datos resulta positivo para todas as partes: para ti, xa que nos permite poñer medidas para protexerte contra intentos de fraude realizados por terceiros; para Nós, porque nos permite evitar que se faga un uso indebido da Plataforma; para todos os nosos clientes e a sociedade, porque tamén protexe o seu interese en asegurar que as actividades fraudulentas sexan desalentadas e detectada cando acontezan.</p> <p>A pesar do indicado anteriormente, no caso de Zara Pre-Owned, se deixas recensións para outros membros, a base legal para a recollida e o uso é o consentimento que nos proporcionaches. Por outra banda, cando recibes recensións doutros membros, recolleremos e usaremos esa información baseándonos no noso interese lexítimo e o do resto de usuarios de Zara, para crear un servizo fiable para os seus usuarios.</p>

Finalidade	Lexitimación
3. Atención ao Cliente	<p>Consideramos que temos un interese lexítimo para atender as solicitudes ou consultas que nos formules a través dos diversos medios de contacto existentes. Entendemos que o tratamento destes datos resulta tamén beneficioso para ti en tanto que nos permite poder atenderte adecuadamente e resolver as consultas formuladas.</p> <p>Cando te poñas en contacto connosco, en particular, para a xestión de incidencias relacionadas co teu pedido ou o produto/servizo adquirido a través da Plataforma, o tratamento é necesario para a execución do contrato de compravenda.</p> <p>Cando a túa consulta estea relacionada co exercicio dos dereitos sobre os que te informamos máis abaixo, ou con reclamacións relacionadas cos nosos produtos ou servizos, o que nos lexitima para tratar os teus datos é o cumprimento de obrigas legais pola nosa banda.</p> <p>Nalgúns casos relacionados con reclamacións sobre produtos, pode ser preciso realizar o tratamento dos datos para garantir o interese público na sanidade.</p>
4. Mercadotecnia	<p>A base lexítima para tratar os teus datos con finalidades de mercadotecnia é o consentimento que nos prestas, por exemplo: cando aceptas recibir información personalizada a través de diversos medios, cando autorizas o envío de notificacións push no teu dispositivo, cando prestas o teu consentimento mediante a configuración das cookies ou da privacidade do teu dispositivo, ou cando aceptas as bases legais para participar nunha acción promocional ou para publicar as túas fotografías na Plataforma ou nas nosas canles de redes sociais.</p> <p>Para ofrecerche servizos personalizados ou mostrarche información personalizada, xa sexa na nosa Plataforma ou na de terceiros, así como para levar a cabo o enriquecemento de datos, consideramos que temos un interese lexítimo para realizar un perfilado coa información que temos sobre ti (como a navegación que realizas, preferencias ou histórico de compras) e os datos persoais que nos facilitaches como rango de idade ou idioma, xa que entendemos que o tratamento destes datos tamén resulta beneficioso para ti porque che permite mellorar a túa experiencia como usuario e acceder a información de acordo coas túas preferencias.</p>
5. Análise de usabilidade e de calidade	<p>Consideramos que temos un interese lexítimo para analizar a usabilidade da Plataforma e o grao de satisfacción do usuario xa que entendemos que o tratamento destes datos tamén resulta beneficioso para ti porque a finalidade é mellorar a experiencia do usuario e ofrecer un servizo de maior calidade.</p>

4. DURANTE CANTO TEMPO CONSERVAREMOS OS TEUS DATOS?

O **prazo de conservación** dos teus datos dependerá das finalidades para as que os tratemos, segundo o explicado a continuación:

Finalidade	Prazo de conservación
1. Xestionar o teu rexistro como usuario da Plataforma e a túa identificación nela	Trataremos os teus datos durante o tempo en que manteñas a condición de usuario rexistrado (é dicir, ata que decidas eliminar a túa conta online ou o teu perfil da tenda).
2. Desenvolvemento, cumprimento e execución do contrato de compravenda ou servizos	<p>Trataremos os teus datos durante o tempo necesario para xestionar a compra de produtos ou servizos, incluíndo posibles devolucións, queixas ou reclamacións asociadas á compra do produto ou servizo en particular.</p> <p>Nalgunhas ocasións, unicamente trataremos os datos ata o momento en que ti decidas, como é o caso dos datos de pagamento que nos solicitaches almacenar para posibles compras futuras (en caso de que estea dispoñible esta funcionalidade).</p> <p>No caso de Zara Pre-Owned, os artigos que publiques asociados co teu nome seguirán publicados na Plataforma durante o tempo que consideres oportuno, ata que os artigos sexan vendidos ou, cando corresponda, de conformidade co disposto nos termos e condicións. Se deixas ou recibes recensións doutros membros, recolleremos e usaremos os teus datos persoais para este propósito ata a desactivación da túa conta de Zara ou durante 5 anos de inactividade na túa conta.</p>
3. Atención ao Cliente	Trataremos os teus datos durante o tempo que sexa necesario para atender a túa solicitude ou petición e durante o tempo establecido nas normativas vixentes en cada caso.
4. Mercadotecnia	<p>Trataremos os teus datos ata que te deas de baixa ou canceles a túa subscripción á newsletter.</p> <p>Así mesmo, mostraremosche anuncios personalizados ata que cambies o dispositivo, o navegador ou a configuración das cookies, o que revogará o devandito permiso.</p> <p>Se participas en accións promocionais conservaremos os teus datos por un prazo de seis (6) meses dende que finalice a acción.</p>
5. Análise de usabilidade e de calidade	Trataremos os teus datos puntualmente durante o tempo no que procedamos a realizar unha acción ou enquisa de calidade concreta ou ata que fagamos anónimos os teus datos de navegación.

Independentemente de que tratemos os teus datos durante o tempo estritamente necesario para cumprir coa finalidade correspondente, conservarémolos posteriormente debidamente gardados e protexidos durante o tempo en que puidesen xurdir responsabilidades derivadas do tratamento, en cumprimento coa normativa vixente en cada momento. Unha vez prescriban as posibles accións en cada caso, procederemos á supresión dos datos persoais.

5. COMPARTIREMOS OS TEUS DATOS CON TERCEIROS?

Para cumprir as finalidades indicadas na presente política de privacidade e cookies é necesario que deamos acceso aos teus datos persoais a **entidades do Grupo Inditex** e a **terceiras partes** que nos presten apoio nos servizos que che ofrecemos, a saber:

- entidades **financeiras**,
- entidades **de detección e prevención de fraude**,
- provedores de **servizos tecnolóxicos e analítica**,
- provedores e colaboradores de servizos de **loxística, transporte e entrega** ou os seus establecementos asociados,
- provedores de servizos relacionados con **atención ao cliente**,
- provedores e colaboradores de servizos relacionados con **mercadotecnia e publicidade**, como axencias de publicidade, socios publicitarios ou redes sociais que, en determinados casos, poidan actuar como controladores conxuntos.
- Particulares (se se usa a opción Zara Resell).
- Autoridades públicas (por exemplo, no caso de que sexa necesario para cumprir coas obrigas asociadas coa opción Zara Resell).

Por eficiencia do servizo, algúns dos provedores mencionados están situados en territorios fóra do Espazo Económico Europeo que non proporcionen un nivel de protección de datos equiparable ao da Unión Europea. En tales casos, informámoste de que transferimos os teus datos con garantías adecuadas e sempre mantendo a seguridade dos teus datos, utilizando as ferramentas de transferencia de datos internacionais máis axeitadas, por exemplo as cláusulas contractuais tipo e as disposicións complementarias pertinentes. cuxo contido podes consultar na seguinte ligazón: https://commission.europa.eu/law/law-topic/data-protection/international-dimension-data-protection/standard-contractual-clauses-scc_en.

No caso de que vendésemos ou transferísemos a totalidade ou unha parte do noso negocio ou os nosos activos a outra empresa pertencente ou non ao Grupo Inditex, ou desempeñásemos calquera outra actividade comercial como consecuencia dunha reorganización corporativa, poderíamos revelar os teus datos persoais ao potencial receptor do negocio ou os activos. No caso de producirse a devandita venda ou transferencia, realizaríamos os esforzos razoables para que o beneficiario tratase a información persoal que nos facilitaches conforme a nosa política de privacidade. Neste caso, consideramos que temos un interese lexítimo baseado na reorganización da nosa estrutura corporativa.

Por outra parte, se decides utilizar a Plataforma en diferentes mercados (é dicir, creando contas de usuario rexistrado en distintos mercados co mesmo enderezo de correo electrónico), poderíamos necesitar revelar ou transferir a información vinculada á túa conta ou á túa actividade ás empresas da marca que operen nos devanditos mercados, na medida que estean directamente implicadas na consecución de calquera dos obxectivos descritos na sección 2. Consideramos isto necesario para satisfacer os nosos mutuos intereses e preferencias.

6. CALES SON OS TEUS DEREITOS CANDO NOS FACILITAS OS TEUS DATOS?

Comprometémonos a respectar a confidencialidade dos teus datos persoais e a garantirche o **exercicio dos teus dereitos**. Os Corresponsables acordamos que podes exercitalos **sen custo ningún** escribíndonos un correo electrónico a **un enderezo de correo único** (dataprotection@zara.com), simplemente indicándonos o motivo da túa solicitude e o dereito que queres exercer. En caso de que o consideremos necesario para poder identificarte, poderemos solicitarche copia dun documento acreditativo da túa identidade.

Así mesmo, podemos ofrecerche a posibilidade de exercer os teus dereitos e configurar as túas preferencias de privacidade ao utilizar algúns dos nosos servizos ou poñendo á túa disposición canles específicas dentro da nosa Plataforma.

En particular, independentemente da finalidade ou a base legal en virtude da que tratemos os teus datos, tes dereito a:

- Pedirnos **acceso** aos datos dos que dispoñemos de ti. Recordámosche que en caso de seres usuario rexistrado na Plataforma tamén podes consultar esta información na sección correspondente aos teus datos persoais.
- Pedirnos que **rectifiquemos** os datos dos que xa dispoñemos. Recorda que se es usuario rexistrado na Plataforma tamén podes acceder á sección correspondente aos teus datos persoais da túa conta para modificar ou actualizar os teus datos persoais. De todos os xeitos, ten en conta que, ao facilitarnos activamente os teus datos persoais por calquera vía, garantes que son **certos e exactos** e te comprometes a notificarnos calquera cambio ou modificación destes. Calquera perda ou dano causado á Plataforma ou ao responsable da Plataforma ou a calquera terceiro por motivo dunha comunicación de información errónea, inexacta ou incompleta nos formularios de rexistro, será responsabilidade exclusiva do usuario. Por favor, lembra que por regra xeral só debes facilitarnos os teus propios datos persoais, non os de terceiros, agás no permitido nesta política de privacidade e cookies.
- Pedirnos que **Suprimamos** os teus datos na medida que xa non sexan necesarios para a finalidade para os que necesitemos tratalos segundo te informamos máis arriba, ou en que xa non contemos con lexitimación para facelo.
- Pedirnos que **limitemos o tratamento** dos teus datos, o que supón que en determinados casos poidas solicitarnos que suspendamos temporalmente o tratamento dos datos ou que os conservemos máis alá do tempo necesario cando poidas necesitalo.

Se nos proporcionaches o teu **consentimento** para o tratamento dos teus datos para calquera finalidade, tamén **tes dereito a retiralo en calquera momento**. Algunhas das formas nas que podes retirar o teu consentimento están explicadas no apartado 2 no que explicamos para que finalidades tratamos os teus datos.

No caso de que non queiras que se envíe información a terceiros para mostrarche anuncios, dispós de varios medios, como cambiar as preferencias no dispositivo, o navegador ou a configuración das cookies, revisar a política de privacidade e a configuración das redes sociais nas que teñas perfil ou enviarnos un correo electrónico coa túa solicitude ao enderezo anteriormente mencionado. .

Cando a nosa lexitimación para o tratamento dos teus datos sexa o teu **consentimento** ou a **execución do contrato**, segundo o explicado no apartado 3, tamén terás dereito a solicitar a **portabilidade dos teus datos** persoais. Isto significa que terás dereito a recibir os datos persoais que nos facilitases nun formato estruturado, de uso común e lexible por unha máquina, para poder transmitilo a outra entidade directamente, sempre que tecnicamente sexa posible.

Por outra parte, cando o tratamento dos teus datos estea baseado no noso **interese lexítimo**, tamén terás dereito a **opoñerte** ao tratamento dos teus datos.

Por último, informámoste do teu dereito a presentar unha reclamación ante a **autoridade de control** en materia de protección de datos pertinente, en particular, ante: a Axencia Española de Protección de Datos (<https://www.agpd.es/portalwebAGPD/index-ides-idphp.php>).

7. QUE PASA SE NOS FACILITAS DATOS DE TERCEIROS OU SE UN TERCEIRO NOS FACILITOU DATOS TEUS?

Ofrecemos funcionalidades ou servizos que requiren que tratemos os datos persoais dun terceiro que ti como usuario ou cliente, os facilites como, por exemplo, para a activación e envío da tarxeta regalo ou a xestión da solicitude do ticket regalo (en caso de que estean dispoñibles estas funcionalidades), ou cando autorizas un

terceiro a que recolla un pedido nas nosas tendas ou establecementos colaboradores. Se nos proporcionas Datos Persoais de terceiras persoas ou se resulta necesario que nolos faciliten con motivo da recollida dun terceiro dun pedido ao teu nome, garantes telos informado acerca das finalidades e a forma na que necesitamos tratar os seus datos persoais.

Se un terceiro nos facilitou os teus datos ou os achegaches ti mesmo como consecuencia dunha funcionalidade ou servizo solicitado por un dos nosos usuarios, usarémolos para xestionar a funcionalidade ou servizo que se estea a desenvolver en cada caso, dentro das finalidades recollidas nesta política de privacidade e cookies, cuxa ligazón incluimos habitualmente nas nosas comunicacións.

8. CAMBIOS Á POLÍTICA DE PRIVACIDADE E COOKIES

É posible que modifiquemos a información contida nesta política de privacidade e cookies cando o consideremos conveniente. En caso de que o fagamos, notificarémoscho por distintas vías a través da Plataforma (por exemplo, a través dun banner, un pop-up ou unha notificación push), ou mesmo cho comunicaremos ao teu enderezo de correo electrónico cando o cambio en cuestión sexa significativo para coa túa privacidade, de maneira que poidas revisar os cambios, valoralos e, se é o caso, opoñerte ou darte de baixa nalgún servizo ou funcionalidade. En calquera caso, suxerímosche que revises esta política de privacidade e cookies de cando en vez por se houberse cambios menores ou introducimos algunha mellora interactiva, aproveitando que sempre a encontrarás como punto permanente de información na nosa Web e a nosa App.

9. INFORMACIÓN SOBRE COOKIES

Utilizamos cookies e dispositivos similares para facilitar a túa navegación na Plataforma, coñecer como interactúas connosco e, en determinados casos, poder mostrarche publicidade en función dos teus hábitos de navegación. Por favor, le a nosa política de cookies para coñecer con maior detalle as cookies e dispositivos similares que usamos, a súa finalidade e como xestionar as túas preferencias, así como outra información de interese.

POLÍTICA DE COOKIES

ANTES DE COMEZAR...

Nesta Política de cookies encontrarás información sobre o uso que facemos das cookies e dispositivos similares que se instalan nos terminais dos nosos clientes e usuarios. En ocasións, o uso de cookies pode estar relacionado co tratamento de datos persoais, polo que che recomendamos que consultes a nosa política de privacidade, accesible na nosa Plataforma, se desexas información sobre como usamos os datos persoais dos nosos clientes e usuarios, como exercitar os teus dereitos, ou a terminoloxía que utilizamos para referirnos á nosa Plataforma (Web, App ou Tendras Físicas).

INFORMACIÓN SOBRE COOKIES

Que é unha Cookie?

Unha Cookie é un pequeno ficheiro de texto que un sitio web, app ou outra plataforma almacena no teu ordenador, tableta, teléfono intelixente ou calquera outro dispositivo similar, con información sobre a túa navegación ou uso, como unha etiqueta que identifica o teu dispositivo. As cookies son necesarias, por exemplo, para facilitar a navegación e coñecer o xeito en que interactúan os usuarios coas plataformas, de maneira que poidan ser melloradas. Tamén son moi útiles para poder ofrecer publicidade segundo as preferencias do usuario, así como para outras finalidades que se detallan máis adiante. As cookies non danan o teu ordenador ou dispositivo.

Cando falamos de "cookies" tamén nos referimos a outras tecnoloxías semellantes de instalación ou recollida de información en ou sobre o teu dispositivo, tales como flash cookies, web beacons o bugs, píxeles, HTML5 (de almacenamento local) e tecnoloxías SDK para formatos app. Así mesmo, o termo "cookies" tamén resulta de aplicación ao uso de técnicas de fingerprinting, é dicir, aquelas técnicas de combinación de información que nos axudan a identificar o teu dispositivo. En ocasións, estas tecnoloxías funcionan de xeito conxunto con cookies para recompilar e almacenar información, ben para proporcionarche certas funcionalidades ou servizos na nosa Plataforma, ou ben para mostrarche publicidade nas plataformas de terceiros, tendo en conta a túa navegación.

Esta explicación é unha mostra xeral do que se entende por cookies para meros efectos informativos. As cookies que utilizamos de xeito específico detállanse no panel de configuración de cookies accesible na nosa Plataforma.

Que tipos de cookies existen?

Por favor, revisa esta sección que proporciona unha visión xeral da tipoloxía de cookies que se poden utilizar nun contorno online.

En función do propietario das cookies, poden clasificarse en:

- a. Cookies propias: Son aquelas que se envían ao ordenador ou dispositivo do usuario dende un equipo ou dominio xestionado polo propio editor, e dende o que se ofrece a plataforma ou o servizo solicitado polo usuario.
- b. Cookies de terceiros: Son aquelas que se envían ao ordenador ou dispositivo do usuario dende un equipo ou dominio que non é xestionado polo editor, senón por outra entidade que trata os datos obtidos a través das cookies.

En función da finalidade da cookie, poden clasificarse en:

- a. Cookies estritamente necesarias (técnicas): Son aquelas que permiten ao usuario a navegación a través dunha páxina web, plataforma ou aplicación e a utilización das diferentes opcións ou servizos que nelas existan. Por exemplo, controlar o tráfico, identificar datos ou a sesión, acceder a seccións ou contidos de

acceso restrinxido, recordar os elementos que integran un pedido, realizar o proceso de compra dun pedido, xestionar o pagamento, controlar a fraude vinculada á seguridade do servizo, utilizar elementos de seguridade durante a navegación, realizar a solicitude de inscrición ou participación nun evento, almacenar contidos para a difusión de vídeos ou son, habilitar contidos dinámicos (por exemplo, animación de carga dun texto ou imaxe) ou compartir contidos a través de redes sociais. As cookies técnicas, ao ser estritamente necesarias, descárganse por defecto cando permitan mostrar a plataforma ou prestar o servizo solicitado polo usuario.

- b. Cookies de funcionalidade ou personalización: Estas cookies son aquelas que permiten recordar información para que o usuario acceda ao servizo ou plataforma con determinadas características que poden diferenciar a súa experiencia da doutros usuarios, como, por exemplo, o idioma, o número de resultados para mostrar cando o usuario realiza unha busca, o aspecto ou contido do servizo en función do tipo de navegador usado polo usuario ou da rexión dende a que accede ao servizo etc. Non aceptar estas cookies pode xerar un rendemento lento da páxina web ou recomendacións mal adaptadas.
- c. Cookies de análise: Son aquelas que permiten cuantificar o número de usuarios, as seccións visitadas na plataforma e como interactúan con esta, para así realizar a medición e análise estatística da utilización que fan os usuarios, co fin de introducir melloras en función da análise dos datos de uso que fan os usuarios da plataforma ou servizo.
- d. Cookies de publicidade comportamental: Son aquelas que almacenan información do comportamento dos usuarios obtida a través da observación continuada dos seus hábitos de navegación, o que permite desenvolver un perfil específico para mostrar publicidade en función deste. Estas cookies permiten a xestión, da forma máis eficaz posible, dos espazos publicitarios que, se é o caso, o editor inclúese directamente ou en colaboración con terceiros.

Para que se utilizan as cookies na nosa Plataforma?

As cookies son unha parte esencial de como funciona a nosa Plataforma. O obxectivo principal das nosas cookies é que a túa experiencia de navegación sexa máis cómoda e eficiente. Por exemplo, son utilizadas para recordar as túas preferencias (idioma, país etc.) durante a navegación e en futuras visitas. Tamén usamos as nosas cookies para mellorar os nosos servizos e a Plataforma continuamente, así como para poder ofrecer publicidade personalizada segundo os teus hábitos de navegación.

A información recollida nas cookies permítenos, ademais, mellorar a nosa Plataforma mediante estimacións sobre datos estatísticos e padróns de uso (número de visitas, seccións máis visitadas, tempo de visita etc.), coñecer de xeito estatístico como interactúan os usuarios coa Plataforma co fin de mellorar os nosos servizos, así como para adaptar a Plataforma aos teus intereses individuais, a aceleración das buscas etc.

En ocasións, poderemos utilizar cookies para obter información que nos permita mostrar dende a nosa Plataforma, as plataformas de terceiros, ou por calquera outro medio, publicidade baseada na análise dos teus hábitos de navegación (produtos visitados, seccións consultadas etc.).

En todo caso, nas cookies que utilizamos nós nunca almacenamos información sensible, como contrasinais, datos de tarxeta de crédito ou débito etc.

Como podo xestionar o uso de cookies nesta Plataforma?

No panel de configuración de cookies, accesible en todo momento na nosa Plataforma, poderás obter toda a información sobre as cookies utilizadas por esta Plataforma, xunto coa información sobre o propósito, duración e xestión (propia ou por terceiros) de cada unha delas, para que poidas xestionar a activación e desactivación do uso daquelas cookies que non son estritamente necesarias para o funcionamento da Plataforma.

Alternativamente, en caso de que esteas a navegar por Internet, podes inhabilitar no teu navegador o uso de cookies. Indicámosche o xeito de realizalo nos navegadores máis populares:

- [Google Chrome](#)
- [Internet Explorer](#)
- [Mozilla Firefox](#)
- [Safari](#)

Esta posibilidade de evitar o uso de cookies pode ser levada a cabo en calquera momento.

Por favor, ten en conta que tanto a túa xestión do panel de configuración de cookies como a túa opción de rexeitar as cookies é específica para cada navegador que esteas a utilizar. Polo tanto, se optas por configurar as cookies dunha forma nun dispositivo e desexas que a túa opción se aplique de xeito similar a outro dispositivo, deberás activar a mesma opción para ese outro dispositivo.

Como paso adicional, con respecto ás cookies de terceiros, coa finalidade de proporcionar publicidade baseada nos teus intereses, por favor, ten en conta que certos terceiros poden ser membros dalgún dos seguintes programas autorreguladores de publicidade comportamental online, coas correspondentes opcións de exclusión voluntaria:

- Network Advertising Initiative (NAI) - <http://www.networkadvertising.org/choices/>
- Google Analytics - <https://tools.google.com/dlpage/gaoptout>

Quen utiliza a información almacenada nas cookies?

A información almacenada nas cookies da nosa Plataforma é utilizada exclusivamente por nós, a excepción daquelas identificadas na sección 2 como “cookies de terceiros”, que son utilizadas e xestionadas por entidades externas para proporcionarnos servizos dirixidos a mellorar os nosos servizos e a experiencia do usuario ao navegar na nosa Plataforma. Máis información no panel de configuración de cookies accesible en todo momento na nosa Plataforma.

Para obter información máis detallada sobre o tratamento dos teus datos persoais na nosa colaboración con terceiros e aqueles suxeitos a transferencias internacionais de datos, recomendámosche que leas a nosa política de privacidade accesible na nosa Plataforma, e as políticas de privacidade/configuracións de privacidade destes terceiros colaboradores accesibles a través das súas plataformas.